

O STRAND



MARÇO 2006

IE ALVARO CUNHALEIRO

INDICE

Editorial	2
Día das Letras Galega	3-4
Violencia na educación	5-7
O cambio climático	8-10
Teatro de "Aulatalía"	11-12
Teatro Sociedade Limitada	13-14
Lei Antitabaco	15-16
Música no "A.Cunqueiro"	17
Adeus a Segundo de Bach	18-19
Concurso literario	20-21
Emprego xuvenil	22-25
Día da Muller Traballadora	26
LOE	27-28
Normalización lingüística	29-30
Maltrato de animais	31-32
Propaganda gratuíta	33
O entroido	34
Concurso de portadas	35-36

Editorial

¿Por que falas en galego?

É unha pregunta case inocente, como cando se pregunta pola hora. Trátase do tipo de inocencia de quen nunca pensou que hai en realidade detrás da pregunta.

¿Admitiría esa mesma persoa que lle preguntasen por que fala castelán?

A pregunta sería tomada como unha ofensa:

¿É que non teño dereito a falar en castelán?

¿Que ten de estraño que fale castelán?

A suposta inocencia da pregunta ¿por que falas galego? agacha, en realidade, o rexeitamento frontal a todo o diferente. Algo así como: "sobra todo aquilo que é distinto do que eu son ou do que fago".

A suposta inocencia da pregunta agacha algo que ten unha nome moi feo: xenofobia. Odio do diferente. Que realiza a pregunta inocente espera que o outro, de inmediato, abandone a

lingua que está a empregar e empece a falar en castelán. Porque é o normal, e o normal é aquilo que eu fago; o normal é aquilo que son.

O resto está de máis.

Hai demasiadas cousas normais que non deberían selo: o menosprezo dos inmigrantes, o menosprezo dos compañeiros tímidos e retraídos, o menosprezo dos homosexuais, o menosprezo dos portugueses, dos coruñeses, dos ourensáns. O menosprezo dos pobres. O menosprezo das mulleres.

¿Debemos considerar a xenofobia, o racismo, a homofobia, o machismo como o normal?

E ti, por certo, ¿por que falas castelán? ¿Quen che ensinou a menosprezar aos que non falan castelán?

¿Quen che ensino a menosprezar aos que non son coma ti?

O Trasnó



DÍA DAS LETRAS GALEGAS. MANUEL LUGRÍS FREIRE (a vida).



OBRAS PUBLICADAS

En poesía:

- 1894 Soidades
- 1901 Noitebras
- 1919 Versos de loita
- 1927 Ardencias
- 1928 As Mariñas de Sada

Teatro, entre outras:

- 1903 A ponte (*drama*)
- 1904 Mareiras (*drama*)
- 1904 Minia (*drama*)
- 1906 Esclavitú (*drama*)
- 1917 O pazo (*comedia*)
- 1919 Estadeiña (*comedia*)
- 1909 Contos de Asieumedre (*prosa*)
- 1922 Gramática do idioma galego

Manuel Lugrís Freire viviu entre 1863 e 1940, setenta e sete anos dunha intensa vida a cabalo entre dous séculos fundamentais para a nosa historia e, particularmente, para a nosa literatura.

Autor dunha ampla obra que abrangue todos os xéneros: a poesía, con títulos como Soidades, Versos de loita e Ardencias; o teatro, con pezas como Esclavitú, O pazo e Estadeiña; e a narrativa, coa novela Openedo.

O máis importante da súa obra é a poesía, na que tivo como mestre a Eduardo Pondal. En A Coruña frecuentou a Cova Céltica onde Pondal oficiaba como o maior poeta galego vivo.

Lugrís Freire foi pioneiro no xornalismo ao ser un dos fundadores e redactores principais de A Gaita Galega, primeira publicación periódica monolingüe galega en América.

Lugrís promoveu boa parte das iniciativas culturais e políticas de carácter galeguista que viron a luz nas derradeiras décadas do s. XIX e primeiras do XX: o Centro Galego da Habana, a Liga Galega, a Real Academia Galega (que chegou a presidir na década dos trinta), o sindicato Solidaridade Galega, a revista A Nosa Terra, as Irmandades da Fala, o Partido Galeguista e o Estatuto de Autonomía de 1936.

O VENTO ZOA

O vento zoa
nas altas lumieiras,
e do pinal veciño
óese a fonda queixeira.
Coqueando co sono
na lareira
están os cativiños,
e namentres a nai salouca e reza.

O vento zoa
nas remoridas tellas,
a sarabia inverniza
dun curisco, apedrea.
As ferintes saudades
medoñentas
nas almas arrequecen...
e namentras a nai salouca e reza.

O vento zoa
e unha cantiga enxeerca
que de saudosos tempos xa pasados
as lembranzas esperta,
mais pensando no fillo
que levaran á guerra,
espello daquel home
a nai, triste e dorida,
xa morto en terra allea,
xa non reza
porque coida que o vento
xeme tamén nas altas lumieiras
con laios tan ferintes
coma os dela.

O CARNEIRO

¿Soñastes a rosa vida cousa máis feiticeira
que a moza que o meu bo amigo e compañeiro
Parré presenta no seu conto *Edilio*, escrito nun
galego que sabe a mel, publicado no derradeiro
número desta revista? ¿Non fai cóxeas no
corazón se pechamos os ollos e damos vida no
noso pensamento a aquela mociña sergudeña?
Ademais era burlona e máis graciosa nos seus
falares, e por ela bebían os ventos máis dunha
ducias de varudos mariñáns?

Aló polo ano 72 -ano de negra fame-, foi
pola Mariña unha compañía de tropa para axudar
á cobranza dos trabucos, procedemento que
certamente merecía a aprobación e o aplauso
dalgun Morote dos boletíns centralistas.

Entre aqueles soldados había un, nacido
no mesmo Cádiz. Chamábase Rafael Jiménez
e por alcume "El Conquistador". Díxila el,
a quen o quixese oír, que non facía máis
que presentarse diante dunha moza, dicirlle
un par de olés, e aquela moza esmorecía
de contado polos anacos salados do terrible
conquistador.

Atopou na praza da vila de Sada a Sabela,
que así se chamaba a moza do meu conto.

Vela e facerlle o amor con todas as argalladas
dun chulo mauritán, foi dito e feito.

Sabela deixouse querer, e cunha sorna
graciosa, tomoulle o pelo, que nin que fora
con peite de corno, con perdón. O entusiasmo
do Conquistador foi tan grande, que chegou a lle
pedir unha cita.

- Si, home, si -respondeulle Sabela-, dígoche
que a túa gallarda feitura mesma me varreu
os sentidos. Esta noite, ás nove en punto,
agárdote na miña casa, que é aquela de alí en
fronte. Eu deixarei aberta a cancela da horta,
amarrado a unha árbore atoparás un carneiro
que ten unha choca no pescozo. Quitaslla e
guíndala ti do teu, despois entras na casa,
facendo soar a choca. Meu pai xa estará
deitado e coidará que es o carneiro. Logo (...).



A VIOLENCIA NA EDUCACION

Eu nunca lle pegaría

Quizais non se oía falar tanto dos sopapos dos pais aos fillos, como dos malos tratos, entre outras razóns porque a maioría dos pais ven normal darlle unha labazada aos seus fillos cando fan algo que non está ben.

Pegar, aínda que sexa unha pancada no cu, non ten xustificación. Existen moitos xeitos de facerlle ver a un neno que o que fai non é correcto sen ter que atemorizalo, que é o único que se consegue. Nin sequera hai que facelo nos casos máis extremos. Cando un neno se porta mal, podemos castigalo ou recriminalo, pero nunca pegarlle. É máis eficaz castigar privándoo de facer o que quere, xa que así sabe que se recunca se repetira o castigo e o único prexudicado será el.

Porén, se se lle dá unha labazada, que é un xeito fácil de conseguir que acougue, só se consegue que teña medo e que aprenda esta conduta de xeito que a vai repetir cando sexa maior cos seus fillos ou mesmo, de rapaz, con outros rapaces. Deste xeito, pérdelle o respecto aos pais e vólvese máis frío e agresivo. ¿Seica non é iso o que se quere evitar?

Hai que contemplar o problema dende o punto de vista do neno, xa que non é o mesmo unha falcatuada feita por un neno de cinco anos, ca por un rapaz de dezaseis ou un adulto e, seguramente, neste caso non se empregaría a violencia.

Cada pai é responsable da educación de seus fillos e pode ensinalos do xeito que coide máis adecuada, polo que prohibir dar unha labazada nun determinado momento, tampouco é oportuno, aínda que si debería de ser recriminado.

Nestes últimos tempos, óese falar moito da violencia doméstica. Quizais ese home que bate recibise na súa infancia labazadas e agora coida que é o único xeito de arranxar as cousas. Esta é, non obstante, a actitude que se busca modificar e, para iso, cómpre aprender a educar os nosos fillos e cambiar a mentalidade dalgúns pais. A educación non se inculca con golpes, senón mediante o respecto, a comprensión e mais o diálogo.

María Inglés Pérez

A falsa sociedade do benestar

Xa é sabido de todos que a violencia é unha característica deste século (como o proban as sucesivas guerras, matanzas, atentados...) e que non podemos afastar os nosos nenos de todo o que sucede no mundo xa que isto sería algo que non os prepararía para o día de mañá, cando se tivesen que enfrontar eles sós ao noso mundo cheo de catástrofes. Aínda así podemos axudar a cambiar esta situación facendo que creen a nosa sociedade da razón. De feito, está comprobado que un rapaz aprende máis cando se lle reñe que cando se lle pega.

Hoxe en día, xa estamos acostumbrados a escoitar nos telexornais como algúns pais pretenden ensinar aos seus fillos mediante a violencia. Non debería ser así. Acostumarnos a isto é case o mesmo que aceptalo. Cómpre lembrar que a nosa voz é o que mellor temos para defendernos das inxustizas que acosan a nosa sociedade.

Sei que a maioría da xente non fai nada cando presencia un caso de malos tratos porque pensar que non vai con eles ou que non se debe meter nos problemas doutras familias. Porén, isto débese en parte á súa covardía. Unha persoa non pode cambiar o mundo ela soa, pero si pode axudar a que a humanidade evolucione, pois ensinar a un fillo a golpes non forma parte da educación que nos dan nas escolas e na maioría das nosas casas.

En definitiva, vivimos nunha falsa sociedade de benestar, na que falamos mal do maltrato e na que non facemos nada por cambiar esta realidade. Incluso, no peor dos casos, facemos o que criticamos.

Eu, pola miña parte, animo a todos a que demostren a súa valentía simplemente ensinándolle aos rapaces dun xeito didáctico e non violento. Seremos recompensados, pois o amor dun fillo non se pode comprar.

Loreto Trabazos Cabiedes.

A VIOLENCIA NA EDUCACION

Unha historia de malos tratos

Antía é unha rapaza de quince anos que sofre maltrato por parte de súa nai. Ten dous irmáns, de once e sete anos. A nai, dende moi pequena, sufriu maltrato á súa vez de súa nai. E agora fai o mesmo cos seus fillos, especialmente coa maior.

Sempre que sae do instituto, Antía ten que preparar a comida para os seus irmáns, porque súa nai está moi enferma. Despois, ten que limpar. A nai é moi impa, gústalle que todo estea moi limpo e que non haxa nada en desorde. Un día, Antía tivo mareos, estaba moi cansa, por iso non podía facer a comida nin limpar. Isto sucedía moi a miúdo. Sentía moito cansazo en brazos e pernas. A súa nai fartouse e deulle unha malleira. Insultouna dicíndolle que non servía para nada, que facía mal as cousas. Cada tarde era o mesmo. A rapaza deu en collerlle medo á nai. Sentíase como un ser inferior. Un día, logo de xantar, foi ao servizo, meteu os dedos na gorxa e vomitou. Isto converteuse nun costume. Era o único xeito que tiña de desafogar. Ao cabo dun mes, case se convertera nunha anoréxica. Choraba antes de durmirse. Sentíase infeliz e odiábase a si mesma. Preguntábase: ¿Por que a min? ¿Por que non podo ter unha familia normal? ¿Por que non podo ter os mesmos dereitos que os meus compañeiros?

Unha tarde a nai díxolle que tiña que ir comprar algo; sentíase cansa. Antía púxolle mala cara e protestou. A nai non se contivo e deulle unha labazada. Antía marchou da casa correndo. Triste e desorientada, chegou a unha ponte bastante alta e, berrando coas todas as súas forzas, dixo:

- Só vivo para ser maltratada. Xa non quero vivir máis.

Ollou cara abaixo e tirouse da ponte.

Se os nosos pais foron maltratados, non teñen que pagar isto seus fillos. Deben ser conscientes de que nos facemos maiores e daquilo que sentimos. Nunca se lle debe zoscar a un fillo. Non hai que maltratar, senón educar. Educar un fillo con boas maneiras ten as súas recompensas: o día de mañá os nosos fillos non serán nin maltratados nin maltratadores.

Jessica Adán.


Un sopapo a tempo

Coido que un sopapo a tempo é necesario e, logo, aplícase un bo castigo para que a próxima vez que o rapaz ou rapaza faga algo que non debería o pense dúas veces antes. O sopapo por si só, polo tanto, tampouco vale porque tan só é unha dor momentánea; en troques, combinado cun castigo que lle doa moito, é o mellor dos remedios.

Co devandito non estou a defender que aos rapaces se lles dean malleiras coas que se lles poidan romper algún óso, deixarlle moraduras, escordaduras, etc. Iso sería inhumano. Primeiro, pola saúde do rapaz e, segundo, polo transtorno psicolóxico que se lle pode producir, de xeito que no futuro el mesmo repita as accións dos seus pais, converténdose nun maltratador, tanto físico como psicolóxico.

Aínda que non todos, os rapaces da miña xeración son moi violentos, sexa cos pais, sexa cos compañeiros, sexa incluso cos profesores. Suponse que na época actual os mestres non poden poñerlles a man enriba aos alumnos e tampouco os pais. Así pois, fágome unha pregunta: se na xeración de meus pais se permitían os sopapos e non había tanta violencia nas aulas e nas casas, ¿por que é un delito poñerlle a man enriba a un rapaz, ou mellor dito, darlle unha labazada se tan violentos son? ¿Que fai a sociedade para evitar que o sexan? ¿Que castigos propoñen que sexan tan eficaces coma as labazadas? Dá moito que pensar.

Lorena Santos.



O medo dos rapaces no colexio

Cando un neno vai comezar coa escola, adoita asustarse. Asústase polo novo, o descoñecido, polo abandono do grande manto protectos dos pais. Para tranquilizalos, os proxenitores "véndenlles o produto" aos nenos: a escola é un lugar onde se fan amigos e se aprenden moitas cousas, onde se pasa ben. Os rapaces van daquela contentos e confiados, pero ninguén os avisa doutro aspecto da escola: a intolerancia.

Ao comezo déixase pasar, pois os nenos son cativos e inocentes; son crueis porque non son conscientes do dano que fan.

O verdadeiro problema xorde cando iso non se erradica co paso dos anos, coa maduración do individuo; cando de inconscientes palabras da nenez se pasa a graves insultos e aldraxes na pubertade e na adolescencia.

As vítimas dos abusos adoitan seguir un patrón: os introvertidos, os doutra raza ou cultura, os que teñen problemas físicos... Pero especialmente os que están sós. É un grande acto de coraxe, por suposto, atacar en grupo a quen está só. Agredir é doado cando a vitoria está garantida. Pero a imposición do temor pouco ten que ver co respecto que os agresores reclaman.

Os motivos de que tales cousas ocorran son diversos: falta de atención, evasión dos propios problemas, desafío a profesores e pais...

Cada día escóitanse cousas máis terribles: rapaces que insultan e humillan e que, aínda por riba, son quen de difundilo por teléfono, oufanos da súa fazaña. Rapaces que converten as vidas dos seus compañeiros nun inferno. Vítimas que non son quen de saír da súa casa para non ir á escola e que por veces chegan ao suicidio. Rapaces que chegan a converterse en asasinios de pais e de indixentes, que non se decatan de que o difícil e valente é preservar a vida, non arrincala.

Os centros de ensino deberían ser como nolos presentan aos tres ou catro anos: lugares para a educación, a amizade, a cooperación, a maduración e, ás veces, algunha pequena desilusión..., mais sen esquecer que xa non somos cativos e aprendendo a ser conscientes do dano que podemos causar cunha "inocente" agresión.

Ana Martínez.

Os golpes non son a solución

Os pais non deberían pegarlles aos seus fillos senón falar con eles para que razoen o que fan. Polo mesmo, tampouco a lei debería prohibirles aos pais dar algún lapote aos seus fillos de cando en vez; hai momentos en que os rapaces non atenden a razóns polo que hai que paralos, e o único xeito é dándolles unha labazada. Ademais, déronse casos nos que, ao revés, o fillo maltrata os pais e, aínda que estes casos sexan poucos, van en aumento.

Aínda que os pais teñan o poder de dar labazadas ao non prohibilo a lei, non deben solucionar os problemas así, senón dialogando. Que de vez en cando solten un sopapo tampouco vén mal, pero o que obriga é sempre recorrer ás explicacións. Non hai que dar por cancelados os problemas cunha simple labazada, xa que un cativo non entende o que está ben ou o que está mal ata unha determinada idade.

A tarefa dos pais é educar e dar labazadas non é o xeito máis correcto. Ademais, se non poden, que non teñan fillos, que ninguén os obriga.

Un comprende que hai nenos caprichosos e moitos repelentes que, por máis que os castigues, non fas nada bo deles e volven ás andadas, coma se estivesen en loita e continua cos seus pais. Pero estes deben ter paciencia e contar ata dez antes de soltar un sopapo porque o golpe non son a solución.

Anxo Sangiao Paseiro.



O CAMBIO CLIMÁTICO

O cambio climático pode resultar perigosísimo para o noso planeta, mesmo significar a fin de moitas especies que o habitan, os seres humanos entre eles.

Os políticos veñen demostrando, polo xeral, unha grande pasividade fronte ao problema, quitándolle importancia e negándose a solucionar o ou cando menos impedindo que se agrave, sobre todo se isto supón gastar cartos. A maioría dos presidentes, especialmente o dos EE.UU, prefire gastar o orzamento do seu país en armas químicas ou doutros tipos, que só poden servir para destruír o mundo e os seus habitantes, no canto de protexelos investindo naquela ciencia que podería salvarnos ou retratar o máis posible a nosa fin.

A principal xustificación é a consideración de que eses problemas e a fin que traerán consigo non farán estragos ata dentro de moitísimos anos; tantos, que eles xa non van estar aquí para sufrilos. Pero o problema está a agravarse de tal xeito, que acelerou o avance do cambio climático e xa vivimos as súas consecuencias: furacáns, tsunamis, deterretemento dos glaciares... E o peor aínda está por vir. A natureza devólvenos no trato que nós e os nosos devanceiros lle infliximos.

E os políticos non reaccionan, non caen na conta, fan oídos xordos aos berros da natureza. Continúa a explotación da natureza, e seremos todos os que sufriremos a súa ira. Xa a estamos a sufrir. A incapacidade dos políticos faise neste asunto máis palpable que noutros. ¿Quen nos protexe da súa actuación?

Xiada Míguez Sanlés.

Fenómenos extremos en 2005

- 27 tormentas tropicais no Atlántico
- 14 furacáns tamén no Atlántico
- O Katrina deixa máis de 1.300 mortos.
- Brasil: a peor sequía en 60 anos.
- California: tormentas invernaís con máximos de chuvías e neve.
- Alaska: 2 millóns de hectáreas queimadas polos incendios.
- Nove dos dez anos máis cálidos déronse na última década.
- O ano 2005 superou o número máximo de furacáns e a velocidade do desxeo no Ártico.
- Europa occidental: forte seca estival e incendios forestais masivos.
- As Canarias: tormenta tropical Delta.
- China e Taiwan: fortes chuvías e inundacións en xullo e agosto.
- No Pacífico: ciclóns tropicais Olaf e Percy.
- Rusia: a temperatura anual sobe entre dous e catro graos.
- Ártico: Dende 1978 o xeo ártico reduciuse un 8% por década.

As catástrofes naturais acontecidas nos últimos anos evidencian o importante e continuo cambio climático producido polos incontrolados gases contaminantes emitidos á atmosfera.


Os gobernos rexeitan de substituír o uso do petróleo por outras enerxías alternativas e renovables. Os cartos son a principal razón; é dicir, os elevados custos que orixinaría crear as estruturas necesarias para o emprego de novas enerxías menos contaminantes.

A adopción de novas políticas económicas, é certo, supoñería un gran desembolso monetario; pero a longo prazo faríanse notar os beneficios no clima, así como tamén os económicos pois enerxías como a solar, a eólica, a hidroeléctrica ou a nuclear en principio son inesgotables. Ademais, as reservas petrolíferas empezan a escasear, e o imparable aumento da demanda de enerxía en todo o mundo, debido ao avance tecnolóxico, agoiran unha crise enerxética e económica mundial. Co aumento da demanda e a corte de suministro de petróleo polo seu esgotamento, os prezos subirán incontrolablemente; e as economías de todos os países vanse ver seriamente afectadas.

Debido a todo isto, o máis razoable, tanto para a conservación do equilibrio climático e económico mundiais, sería adoptar o antes posibles novas políticas coas que substituír a combustión do petróleo por enerxías máis limpas.


Estas políticas deberían potenciar o desenvolvemento de tecnoloxías para captar fontes de enerxía alternativas, fomentar o aforro enerxético, impulsar o uso de enerxías renovables na rede eléctrica e, no canto de construír estradas para os automóviles, crear redes ferroviarias, promovendo o uso do transporte público.

Sonia Saá Comesaña.



Variacións na temperatura do planeta

— Temperatura media da superficie (°C) — Media de cinco anos



Un dos grandes problemas mundiais hoxe en día, na nosa sociedade, en pleno século XXI, é o da continua degradación do noso medio: o cambio climático, a extinción de especies, etc. ¿Hai un límite para esta degradación da Terra? ¿Que podemos facer os cidadáns? ¿E os gobernos?

Sen dúbida, un dos grandes retos que se nos presenta á humanidade é o de cómo conseguir un desenvolvemento sostible; é dicir, que sen deixar de lado as nosas actividades laborais, a explotación da natureza, etc., poidamos manter o medio tal e como o herdamos, pois non debemos de poñer en perigo a capacidade das futuras xeracións para satisfacer as súas propias necesidades.

Sabemos que a capacidade da biosfera para absorber os efectos da actividade humana ha de ter un certo límite; e isto é algo que xa vemos hoxe en día. Pero tamén é certo que os cidadáns de a pé carecemos dos medios necesarios para facerlle fronte ao problema.




O noso deber ten que ser presionar aos gobernos, xa sexan locais, nacionais ou autonómicos, para que eles, os que teñen o poder, acorden tomar unha serie de medidas que dalgún xeito contribúan a manter o noso ecosistema.

Xa existen ONGs, como WWF-Adena, Greenpeace, Ecoloxistas en Acción, Amigos da Terra, etc., que se encargan de desempeñar este labor de presión. Con todo, debe de ser o conxunto da sociedade o motor que impulse aos gobernos a tomar iniciativas a prol da conservación da natureza.

Non podemos permitir que non se cumpran os acordos establecidos en cumios internacionais, como o de Río de Xaneiro ou Johannesburgo; nin que un país como os EE.UU., primeira potencia mundial económica, pero tamén o maior emisor de gases tóxicos á atmosfera e de verquidos ao mar, se negue a asinar o Protocolo de Kioto, porque esta é unha cuestión que nos afecta a todos.

Pódese apoñer que non durante a nosa vida, pero si ao longo das dos nosos fillos e netos. Están correrán perigo de seguirmos como ata o de agora. Podemos afirmar que a súa calidade de vida non será a mesma e, por este motivo, todos temos que loitar e concienciarnos de que un cambio rápido e xeneralizado é imprescindible.

Antía Amoedo Davila.



Os actuais cambios climáticos hai que interpretalos dende dúas perspectivas: a primeira e moi importante, dende o punto de vista medioambiental; a segunda, dende un punto de vista político, xa que son os políticos os que poden tomar as iniciativas para cambiar a situación.

Vivimos de acordo coas leis do mercado capitalista, onde o importante é o diñeiro, o enriquecemento, o poder... e onde, en consecuencia, o medio natural e as xentes inocentes son esquecidas por completo. Tal política é levada a cabo por moitos países que seguen un modelo: o dos EE.UU. de América, país que é capaz de calquera cousa con tal de manter o seu poder. Un país gobernado por un home que acepta a emisión de gases tóxicos, de pesticidas, etc., sen percatarse do deterioro do medio ambiente e do dano que sofre a capa de ozono.

Os cambios que, como consecuencia, se están a producir eran inimaxinables ata hai pouco: subida do nivel da auga producido polo desxeo, cambios bruscos de temperatura, etc..

Os únicos, así pois, que poderían plantexarse iniciativas de cambio, como os EE.UU. e outros semellantes que só pensan en manter as súas fábricas, industrias, etc., non o fan.

A única conclusión que se pode tirar é que aqueles que teñen o poder para cambiar o curso do mundo e mellorar a situación medioambiental, prefiren cambiar o mundo realizando guerras, promocionando o capitalismo, logrando con isto facer unha sociedade moito menos igualitaria.

Só nas mans dos que gobernan está frear o cambio que TODOS padecemos.

Ruth Lourido Fernández.

Os malos hábitos de consumo enerxético:

- Deixar as luces acendidas.
- Non apagar os ordenadores.
- Usar baño no canto de ducha.
- Usar a lavadora sen plena carga.
- Usar o lavalouza sen estar cheo.
- Uso indiscriminado da calefacción.

Os bos hábitos de consumo enerxético:

- Apagar as luces.
- Apagar ordenares e stand-by
- Usar a ducha.
- Illar as habitacións.
- Utilizar transporte público.
- Usar bombillas de aforro enerxético.

TEATRO DE AULATALÍA.

Ambiente de cámara.

No ensaio da obra deste curso vívese un ambiente máis relaxado, como de concerto de cámara. Xa non é o ambiente festivo e caótico doutros anos. Os actores adquiriron pouco ao longo dos cursos, igual que os bos viños. É un ambiente de persoas conscientes dos seus recursos, que ensaian relaxadamente, que saben que a estas alturas xa non teñen nada que demostrar. Incluso se podería pensar un certo ambiente de final de festa. ¿Cantas destas actrices seguirán no instituto no ano que vén? Respírase madurez e autodominio.

A obra

O título: **Nun nicho amoblado** ou quizais, título alternativo, **Un nicho con vistas** de J. Campos García. ¿Quen morreu aquí? Ou mellor, ¿quen vai morrer? ¿Non se tratará tal vez de que estamos en presenza duns seres mortos? ¿E, entre os mortos, haberá alguén vivo? ¿Ou é ao revés? ¿Non se estará a planear a morte de alguén sobre o escenario, ás caladas, coma se fose unha cerimonia entre outras nunha vida normal? ¿Non seremos nós, os espectadores, os mortos? ¿Non se estará a falar no escenario, en realidade, da nosa vida de seres mortos de antemán?

O escenario

Se cadra o ambiente terminal, camerístico, pechado, mesmo lúgubre e recolleito, se daba a ese escenario de paredes escuras, en medio do cal se alza, como representación máis adecuada do que é a nosa vida, un ataúde, coma se o ataúde fose o principal personaxe, o lugar do tránsito ao redor do que todos nos movemos. E, non obstante, a escena que se está a ensaiar está chea de bromas, de sorrisos hipócritas... Aínda que tamén de sobreentendidos. Ninguén é o que parece. Tampouco o escenario é o que parece. ¿Ten sentido falar dun nicho con vistas? Domina o humor máis negro. Tan negro coma o escenario.

Os personaxes

Forman dúas familias que queren unirse. Hai unha voda en perspectiva. Leria de veciños, murmurios, faladurías, díxomedíxomes e pataqueiradas. E en medio de todos, unha mai protectora e dominadora (Mariam). As decisións están tomadas, e nada hai que discutir. E aquel escenario tétrico que, de golpe, aparece convertido nunha sala de estar, que podería ser a sala de estar de calquera das nosas casas, aparecen Marianiño (Margarita), un executivo dos que non executan máis que en xeral, non un verdugo normal e corrente, e Encarnación, a súa mai (Déborah), que quere vender o seu produto, isto é: o seu fillo, no tétrico e asasino mercado matrimonial. Todos agardan a entrada do, posiblemente, único ser vivo da función, a futura noiva (unha Raquel contida, gran novidade, que se nos presenta agora a cara descuberta). Todos os personaxes do escenario (incluída esa avoíña un pouco ida que representa Xiada) enfan conversas hipócritas que inclúen o tempo e as puntualizacións absurdas -"o musgo medrou na cociña". ¡Ouh, todo tan humanamente hipócrita!

TEATRO DE AULATALÍA.**O director**

O director, un vello e experimentado actor aos seus vintepoucos anos, exhibe as súas capacidades técnicas con mesura. Podería subir ao escenario e amosar a súa axilidade, o dominio do seu físico rexo e elástico á vez. Pero ten outras cousas que facer: o coidado dos detalles, dos matices, a atención posta no conxunto da escena, no efecto xeral que deberá de producir no espectador. Moitas horas de traballo actoral, moita experiencia. O pouso dos anos e o coñecemento dos actores que está a dirixir. A confianza nas súas capacidades e a consciencia das súas limitacións. Unha inmensa e sabia paciencia. Sabe o que quere e como conseguilo.

Un disimulado desánimo

¿Por que tan poucos alumnos se apuntaron ás actividades deste curso? ¿Por que a actual xeración de actores apenas contará no futuro con substitutos de garantías? ¿Que lle pasa á nosa actual mocidade? Velaquí as preguntas que se fai o director, e tamén os outros actores, a piques de xubilárense moitos deles, agora que se aproxima a Selectividade e a Universidade agarda por eles. É coma se se preguntasen a si mesmos: ¿debemos de considerarnos coma uns bechos raros?

Os horarios dos ensaios

Son as nove da tarde. Dúas das actrices lembran unha e outra vez que ás nove e media teñen que estar de volta en casa. Esixencias paternas. O director: "Unha escena máis tan só. Cinco minutos. Veña, veña". O esforzo que realiza a imaxinación para ser durante cinco minutos máis un personaxe que ningunha relación garda cunha rapaza de dezaseis anos. Estas actrices saben apreciar a liberación que iso supón. Non hai que beber, non hai que fumar, non hai que perder o tempo, hai que manter o corpo en tensión. ¿Non hai que perder o tempo? E, non obstante, estamos presenciando o xeito máis maravilloso de perder o tempo. Silencio, acougo, recollemento. Apréndese a dominar o noso corpo: os nosos xestos, o noso xeito de falar, de mostrar a nosa intelixencia ou a nosa estupidez ou hipocrísia. ¿Tan extraño é todo isto para os demais? ¿Non será que todos ancean ser simplemente espectadores pasivos, que en realidade non se desexan facer nada, que se agarda a que o musgo medre non só na cociña senón tamén nos nosos cerebros, que nos encantaría vivir xa dentro dun ataúde que levasse incorporada unha pantalla de ordenador, outra de televisión e uns bos altosfalantes?

A preparación durante o curso

E toda a aparente facilidade dos actores durante os ensaios baséase nunha preparación previa. Atrás, no inicio do curso, queda o xogo das improvisacións, a práctica das técnicas vogais e de expresión. A eses recursos xa adquiridos apela o director. As súas observacións e esixencias: "Ritmo, ritmo", "o cómico ten que apoiarse na carraspeira das voces", "matiza, matiza", "sube, sube (enténdese: o ton de voz); estás a baixar", "hai que saber cando mirar", etc, etc.





TEATRO S.L. (Todo o teatro do "Álvaro Cunqueiro")

"AULATALÍA TEATRO" (1)

Este estraño grupo de teatro de instituto semella estar enmeigado por algún estraño maleficio: cada vez somos menos. Levo catro anos neste grupo, e todos os anos empezamos o curso unhas trinta persoas aproximadamente e, ao final, sempre, ¡sempre!, rematamos non máis de dez.

Con todo, este curso, non sei por que, apenas pasamos de seis nos ensaios. E todas nós rapazas. E isto malia a propaganda, as actividades de promoción... Non, a xente non se anima. ¿Desaparece o mundo do teatro ou é que a sociedade se volve antipática e antisocial? Se isto continúa así, "Aulatalía" dirá adeus.

O teatro é unha experiencia máxica na que podes desconectar do mundo que nos rodea durante unhas horas. Pero a realidade tamén está presente. É un pouco abstracto.

O proxecto do curso de teatro consiste en realizar exercicios ao principio. Estes exercicios axúdannos a coller confianza e axúdanos devagar a controlar o noso corpo e os nosos sentimentos. Despois destes exercicios, metémonos a fondo na obra. Lémola e aportamos as nosas opinións sobre ela. Repártense os papeis, e comezan os ensaios. Hai quen di que os ensaios son o máis aburrido e peso, pero eu coido que pagan a pena porque o obxectivo é a satisfacción dese duro traballo. No seu transcurso, sempre acabamos rindo.

Ségume intrigando a ausencia de máis alumnos deste instituto nas actividades do grupo teatral. A vergoña non é unha escusa; todos a temos. Vós, os que non vos dades animado, non sabedes o que vos perdedes. O teatro sempre crea adición.

Raquel Asorey Juanes.



"AULATALÍA TEATRO" (2)

O grupo está formado por oito persoas cheas de ilusión e que intentan, día tras día, ensaio tras ensaio, sacar adiante unha obra coa axuda do seu profesor José Carlos Illanes. Un profesor queridísimo por todos nós. Sen os seus esforzos nada sería posible, ningunha representación sairía adiante. A súa paciencia non ten límite.

De inicio preparámonos para a obra con exercicios de expresión corporal que nos axudan a meternos en diversos personaxes, para máis tarde assimilar un determinado personaxe da obra a representar. Os ensaios inclúen pequenas improvisacións en grupos de dúas e tres persoas.

Durante o curso, realizamos pequenas representacións nas clases do instituto. Unha delas pretendía animar aos demais alumnos a que se unisen ás actividades e a outra, en

nadal, cando demos a coñecer o verdadeiro Papá Noel, "Papanoeleitor".

E agora o grupo acaba, chega á súa fin. Cando o público aplauda logo da próxima actuación, o grupo deixará de existir, por máis que permaneza nos nosos corazóns. Os nosos recordos son imborrables. Os risos, as apertas, as horas de ensaio, os nervios antes de saír a escena, os preparativos do día anterior... Todas esas cousas que, á fin e ao cabo, son as que conseguiron que o grupo sexa o que é.

"Aulatalía teatro" remata, pero xa se está a xestar unha nova etapa: "Chespiriños teatro".

CHESPIRIÑOS TEATRO"

¿De que vai a cousa? É un grupo xuvenil de teatro e animación cunhas expectativas non tan utópicas coma os principios que o moven.

O grupo nace case por casualidade. Logo do ano de 1999 coa obra "O dúo mandarina e o elixir máxico", que non pertencía a ningunha compañía nin grupo concreto, senón unicamente ás ilusións dos actores que a interpretaban e á autora, Xiada; esta mesma tivo unha idea algo absurda.

Os actores xa montaran algún dos espectáculos de Shakespeare, e de aí proveu a idea do nome da compañía, "Chespiriños teatro". E logo, só logo, veu a pregunta: ¿formamos un grupo? E a cousa botou a andar, con Xiada á fronte, coma directora.

"O dúo mandarina" xa pertencía a un grupo con nome. Pero agora precisábase un novo proxecto. Non foi difícil porque xa estaba na cabeza dalgúns. ¿O obxectivo? Perserseñar, montar e representar "O soño dunha noite de verán".

Para entón, os integrantes aínda non tiñan moito tempo onde nos meteramos. O principal problema é que non había xente abonda. Recorremos, así pois, aos amigos e aos amigos dos amigos. Logo dunha serie de decepcións, conseguimos acadado un plantel bastante considerable.

E velaí estaba aquel grupo de teatreiros sen un lugar, aínda que cunha extraordinarias ganas de innovar, experimentar, actuar e, sobre todo, de pasalo ben. O seguinte paso foi atopar un local para os ensaios. O lugar foi o Centro Social de Coia, onde se decidiu montar un espectáculo de café-teatro, ademais de teatro de rúa co que se puidera financiar "O soño dunha noite de verán".

Así foi como Xiada e a que isto escribe redactaron os *sketchs* que conforman o exitoso espectáculo "Situacións inoportunas en las que suena un móvil" que, por suposto, case nada ten que ver co título. Trátase dun espectáculo aberto, con certo carácter improvisatorio e algo comprometido, tanto política, coma socialmente. Participaron nel todos os integrantes do grupo: a directora, Xiada Míguez; Débora Ruanova, Raquel Asorey, Juan Luis, Xosé Cabirta, Adriana Rosignoli, Néstor Martín, Ana Cabirta e Marián Silva, a que isto escribe.

E non descoidamos a canteira, daqueles que co tempo se incorporarán ao grupo dos maiores: "Chespiriños Senior", cuxos integrantes contan entre cinco e dez anos.

Na actualidade, o grupo segue a representar os seus espectáculos arriba mencionados alí onde son solicitados; e isto sen deixar de preparar co seu característico entusiasmo, e cos brazos sempre abertos a novos integrantes que se queiran sumar ao proxecto, o espectáculo shakesperiano (contamos con páxina web: <http://groups.msn.com/CHESPIRIÑOS>).

Marian Silva Otero.

"TEATRO SARAIBA"

Este grupo foi creado en 1999 por xoves estudantes da Universidade de Vigo. O seu obxectivo era procurar un novo xeito de expresar, aprender e difundir o teatro. Dende aquela representaron numerosas obras, actos de animación, *sketchs*, pola súa conta ou colaborando con outros grupos. Na Faculta de Ciencias é famoso o seu tradicional "Condecillo de Castillo" no día de san Alberte, xa que levan sete anos representando os intentos do Condecillo por destruír a san Alberte, aínda que polo momento non o logrou. Asemad, participou na Universitúa. Algunhas das obras representadas: "Outra vez o díaño", "Macbeth" ou "Diez negritos". Coñecemos contemplando esta última obra e fíqueme abraiada pola súa grande calidade, tanto na montaxe, coma nos decorados, no traballo dos actores, a música, etc. Trátase da adaptación dunha novela de Agatha Christie: unha intrigante historia de asasinatos, con moito suspense e final sorprendente.

Ano e medio logo de coñecelo, puíden entrar no grupo, por máis que de inicio me daba moito medo (en realidade, aínda me segue a producir moito respecto actuar con eles). O primeiro que fixen con eles foi unha animación na Praza Elíptica e no Centro Comercial Camelias, durante a que descubrín como facer xogos malabares cos zapatos dos espectadores. Acabei descalzando a todo o mundo. Agora, comezamos cunha nova obra: "Mucho ruído y pocas nueces" de Shakespeare.

Os martes e mais os xoves, tanto Marián coma min, Xiada, saímos pitando para a Universidade para participar nos ensaios. Resultan moi divertidos. Asisten todo tipo de persoas e poden ocorrer as cousas máis surrealistas; por exemplo, que un dos actores saia correndo porque esqueceu poñer auga nun dos seus experimentos.

Espero poder seguir moito tempo con eles. Admiroos coma actores e coma persoas.

Xiada Míguez.





A LEI ANTITABACO



A partir do 1 de xaneiro de 2006 entrou en vigor a lei que establece a prohibición de fumar nos lugares de traballo onde exista risco para os traballadores. Igual ocorrerá en estacións de autobuses (excepto nos espazos ao aire libre), transportes marítimos e avións. Tampouco se poderá consumir tabaco en ningún tren que faga percorridos inferiores a cinco horas.

Segundo datos da Organización Mundial da Saúde, o consumo de tabaco é o responsable do 90% da mortalidade por cancro de pulmón. En España, cada ano, o 16% das mortes entre persoas maiores de trinta e cinco anos está relacionado co tabaco; e advírtese que a exposición ao aire contaminado co fume do tabaco é cancerixena nos seres humanos.

Estas prohibicións afectarán tanto a bares coma a restaurantes, salvo que estes teñan un lugar específico e con ventilación. Prohibese así mesmo vender tabaco a menores de dezaseis anos de forma directa ou a través de máquinas expendedoras. Igualmente, tamen se prohíbe agasallar produtos relacionados co tabaco de xeito promocional.

Só se poderá conseguir tabaco en estancos ou máquinas expendedoras e tendas libres de impostos autorizados en portos e aeroportos. Estas máquinas ubicaranse en lugares que dispoñerán dunha advertencia sanitaria.

Non se poderá publicitar o tabaco en ningún medio de comunicación. A multa por este tipo de infracción ou pola venda de tabaco a menores estará entre 10.000 euros e un millón. Tamén se multará a aqueles que permitan fumar en lugares públicos con entre 600 e 10.000 euros.

Estas medidas pretender conter o consumo, protexer os fumadores e non fumadores e facilitar o abandono do tabaco.

Como consecuencia desta nova lei, a empresa Chupa-chups aumentou as súas vendas nun 50% e instalou máis de 1.000 máquinas expendedoras en centros de traballo, restaurantes, bares e aeroportos. Díse que a forma do caramelo co pau permite substituír o xesto de levarse un cigarro á boca e axuda a calmar a ansiedade que provoca a falta de tabaco.

Pola miña parte, coído que o mellor sería habilitar espazos para fumadores e non fumadores en todos os locais, xa que os non fumadores teñen dereito a respirar un aire limpo; e os fumadores, a fumar. Esta lei, polo demais, chega tarde. Habería que facela moito antes.

Marta Castro Rodríguez.



A recente Lei Antitabaco que se impuxo este pasado mes de xaneiro provocou que un número considerable de persoas deixasen o tabaco. Pero esta lei tamén ten consecuencias menos boas: os locais públicos vironse na obriga de decidir entre fumadores e non fumadores, ou ben dividir o local. Ninguén se asombrou de que a decisión da maioría dos establecementos fose poñer de parte daqueles que máis beneficios lles proporcionan, os fumadores.

Os cambios non só afectaron a estes lugares. Nos centros de traballo, as persoas que còmpren desta substancia pode sair un determinado lapso de tempo e un determinado número de veces a botar un cigariño. Polo visto, nin coa prohibición da norma, cambian os fumadores. Por outra parte, xa se contabilizaron máis de duascenas denuncias de incumprimento da lei. Nestes momentos, unha modificación da lei, xa contempla a posibilidade de permitir fumar en ocasións especiais coma vodas, bautizos e outro tipo de celebracións.

Poén, a vítima segue a ser o fumador pasivo xa que é máis doado que os non fumadores se convertan en fumadores que non ao revés. O fumador pasivo aspira o dobre de fume que o habitual xa que, cando o fumador dá a súa calada, algunhas das substancias nocivas van aos seus pulmóns; estas son maiores que as que pasan ao aire. Con todo, estoutras, ao seren máis reducidas, pasan introducense máis doadamente nos pulmóns dos fumadores pasivos.

As consecuencias do tabaquismo poden ser moi graves. O tabaquismo afecta á fecundidade, impedindo ter fillos. As substancias que leva o tabaco provocan disfunción eictil, producen un 25% de espermatozoides menos eficientes; así como envellecemento prematuro, danos nas terminacións protectoras dos cromosomas, reproducións asistidas menos eficaces... e así un longo etcétera.

Logo disto, que cadaquén tire as súas propias conclusións.

A Lei Antitabaco provocou numerosas queixas e non só dos fumadores, senón tamén dos propietarios de locais públicos, como cafeterías e restaurantes. Tamén para as empresas constitúe un problema esta lei, porque os traballadores xa non poden fumar e optan por saír á rúa algunha que outra vez. Quizais os máis beneficiados foron os pequenos locais, xa que puiden elixir entre a posibilidade de converterse en lugar de fumadores ou non.

Con todo, coído que esta lei é moi positiva porque os non fumadores non temos por que aturar os fumes do tabaco.

Os grandes beneficiados, a empresa Chupa-chups.

Alexandra López Fernández.

¡Vaia parvada a Lei Antitabaco! Non está ben prohibir fumar no traballo. Se cada vez que o quere facer, ten que saír á rúa, perde o tempo tanto o traballador coma a empresa.

Outra cousa sería que o Estado lles proporcionase aos fumadores axudas para deixar de selo. Se nas empresas houbera un doutor axudando aos fumadores, a lei non sería un fracaso.

Un fracaso tamén foi a aplicación desta lei nos locais públicos. A maioría deles escolleron aos fumadores pois non querían perder a clientela maioritaria.

As multas a menores son abusivas: ¡300 euros por fumar na rúa! Se queren fumar é o seu problema. Eles saben o que fan coas súas vidas.

En definitiva, unha lei absurda. Deberían derogala.

Loraida De La Iglesia Pola

Testemuño extraído dun xornal.

"Eu fumei o meu primeiro cigarro sendo rapaz e logo sucederon moitos outros. Seguín así uns trinta anos, até que o tabaco me comezou a producir as típicas molestias: mal de estómago, canseira das pernas, perda do olfacto, tusemia, etc. As tusir polas mañás, lembraba o meu pai, que tamén tusía. El fumou coma un carreteiro mentres viviu, e miña nai ao velo co cigarro na boca sempre lle dicía: "O tabaco vai acabar contigo". Pero el nunca lle fixo caso, porque lle faltaba a motivación necesaria para deixar de fumar.

"Fumadores así coñecín moitos, aos que se lles podía aplicar o dito dos que comen unha comida que lles sabe pero non lles presta: "Perdóolle o mal que me fai polo ben que me sabe".

"En cambio, a min motivoume para deixar o tabaco o mal que me estaba producindo e mais o desexo de acabar co vicio, porque me acordaba do que lles dicía con sorna aos veciños, cando chegou a vello acabado un home que tiña todos os vicios: "Agora deixei os vicios". E os veciños contestábanlle: "Quen te deixaron foron os vicios a ti".

"Así que, un día, decidín deixar o tabaco. Pero coas ansias de fumar recaía no cigarro, sen o que non axiriaba, que é como din na miña terra dunha persoa que non acouga. E para evitar as recaídas manchiguei chicles de nicotina, ese veneno do tabaco que é tan forte que unha soa pinga abonda para matar un cabalo. Ademais, o tabaco ten outras moitas substancias nocivas que se activan quimicamente que se activan coa alta temperatura da combustión do cigarro".



MÚSICA NO "ÁLVARO CUNQUEIRO".

Durante o curso 2005-2006, celebráronse no noso instituto, nas súas diferentes salas de actos, diversas actividades musicais.

No *magosto*, un espontáneo grupo de gaiteiros e percusionistas encheron coa súa música a entrada do instituto animando a bailar e pegar choutos a toda a comunidade educativa presente.

O primeiro dos *concertos* das alumnas e alumnos celebrouse no mes de decembro. Aqueles que cursan estudos de piano e violín agasalláronnos a todos cunhas pezas de repertorio dos clásicos. Este tipo de concertos serven para que tanto os intérpretes, coma o público (os seus compañeiros, neste caso), se acheguen de xeito natural a tal tipo de música e comprobren que o legado histórico-cultural que nos transmitiron os músicos do pasado pode convivir perfectamente con outros estilos máis populares na actualidade entre a xente nova.

No *entroido* tampouco puido faltar a música xunto aos disfraces. Un anónimo profesor imposible de identificar fixo de músico cego ambulante tocando o seu violín.

Un segundo *concerto* celebrouse a principios de abril. Consistiu nunha audición didáctica ofrecida polo coñecido profesor de frauta **Miguel de Santiago**, que amosou as formas e os sons de máis de vinte frautas distintas orixinarias do mundo enteiro. Un concerto magnífico e orixinal.

Polo demais e antes de que remate o curso, están previstas outras dúas actividades musicais.

Unha delas coincide co *Día das Letras Galegas* e vai consistir nunha audición que é ao mesmo tempo un concerto interactivo coas máis senlleiras cancións da música galega: "Negra sombra", "O maio" e "No niño novo do vento" (baseadas, respectivamente, en poemas de Rosalía, Curros e Cunqueiro) son só algunhas delas.

Un terceiro *concerto* en preparación ha consistir nunha visión cronolóxica da historia da música a través de diversas interpretacións en vivo tanto dos alumnos, coma dos profesores que se animen (abundan no noso instituto os profesores cantantes e instrumentistas).

Existen bastantes máis proxectos, coma unha audición con cancións compostas polos alumnos e outra con coreografías, que, se non hai tempo neste curso, se desenvolverán no seguinte.







CONCURSO LITERARIO. DÍAS DAS LETRAS GALEGAS.

1º premio na modalidade de opinión

¿Cara onde camiñamos?

Se facemos un esforzo de reflexión crítica acerca da nosa sociedade, non é difícil atopar que existen en todos os seus ámbitos unha multitude de aspectos irracionais: políticos, sociais, económicos, morais...

Decatámonos sen dificultade, por outra parte, de que esta irracionalidade se fai especialmente patente na xuventude, non só por atoparse na etapa da vida de maior desequilibrio emocional e na procura de novas experiencias, senón por constituír ela mesma o espello onde se reflicte unha sociedade dexenerada xunto coas súas modas.

Cómpre, polo tanto, realizar un estudo acerca da adolescencia, dos seus comportamentos e intereses, para así pór de manifesto os máis graves defectos da nosa sociedade e intentar precavela fronte a un futuro indesexable. Lembremos que na xuventude se atopa o porvir.

Cabe preguntarse, ¿cales son estes intereses e condutas que coidamos inadecuados e indesexables?



Polo xeral, a xuventude actual presenta, desgraciadamente, unha escasa preocupación polos problemas que non lles afectan de xeito directo e rexeita calquera interese político ou similares. Esta ausencia total de inquietudes intelectuais ou culturais maniféstase non só na xente nova que decide abandonar os estudos, senón tamén entre os estudantes que continúan, que parecen chegar incluso a rexeitar o coñecemento, seguindo unha máxima que podería formularse así: "non te preocupes por aprender, o único obxectivo é obter a mellor nota posible no exame; logo, esquece todo". Quizais alguén tería que ensinarlles que non deberían estudar para ninguén, senón para si mesmos.

Porén, esta ausencia de preocupacións non é máis que unha consecuencia da reflexión da sociedade na xuventude: a maior parte das persoas carece destas inquietudes e preocúpase tan só do pracer mundano, sumida na rutina cotiá; do mesmo xeito, a grande maioría dos adolescentes adica o seu tempo exclusivamente a esta busca, moitas veces infrutuosa, dun pracer así. É nesta frustración onde se poden atopar os fundamentos para explicar condutas como o frecuente consumo de drogas ou as concentracións gregarias tan asiduas as fins de semana (os famosos macrobotellóns, tan de moda nos últimos tempos). Cabe destacar que non toda a xuventude concorda con estas características.

Sen embargo, este *carpe diem* xuvenil non é aceptado por todos os sectores sociais, que non comprenden as motivacións do que, en fin, é a súa propia descendencia, marxinándoa, excluíndoa da vida política, ignorándoa nos seus plantexamentos. Isto empeora a situación: ante o abandono e a incompreensión da sociedade en xeral os intereses da xuventude, esta rebélase, alleándose, o que dá lugar a conduta de carácter irracional.

O camiño cara a un futuro mellor non pode pasar por esta marxinación sistemática da xuventude. As institucións de goberno deben garantir un futuro mellor para os nosos xoves e, por ende, para a sociedade, abríndose a promoción dunha maior cultura social, ideal xa presente no pensamento ilustrado.

Paulo Brocos Mosquera.



CONCURSO LITERARIO. DÍAS DAS LETRAS GALEGAS.

1º premio de poesía

Esperto, suoroso
logo do teu pesadelo escuro.
Desterrado en ningures,
entre liñas de fogo
e sentimentos.

Evadirme en ti,
pechando os ollos,
camiñar sen rumbo,
escoitándote,
pisando sen medo,
música.

Sentirte
coma un lóstrego
atravesar o meu corpo,
estremecedor
calafrío.

Ler
nos doces beizos
o sorriso.
Amargo matiz
de incompreensión.

Dóeme a túa sombra...

E arrinca bágoas do meu corazón.


E berro.

E ninguén me escoita.

E morro.

Cando todo é vermello
as bágoas de sangue non teñen sentido.

Paulo Brocos Mosquera.



2º premio de poesía

Amiga

Na miña mirada de nena,
cos ollos fixos e brillantes,
observo a noite que me
acompaña no meu camiño.

¡Ai! Só consigo lembrar aqueles
tempos da miña vida nos que estaba contigo,
nos que me acollías cos teus brazos
e me abrigabas do frío que sentía a miña
alma.

¡Ai! Sei que non os borrarei do meu corazón,
ti, coas túas formas, nunha ondada con barcos
á deriva, conseguiches a calma.

¡Ai! Daqueles días de discusións, por non
saber entender, por non querer escoitar.

Agora doume conta de que o que son
fixéche-lo ti coas túas palabras cheas de
experiencia. Por iso e por moito máis quero
adicar che estes sons, que proveñen dos
recordos da ruela onde nos coñecemos
un día de boa sorte.

Natalia Teixeira Guerra.



EMPREGO XUVENIL

Esíxennos centos de titulacións e experiencia profesional, esíxennos as mellores notas académicas de entre milleiros de estudantes, esíxennos boa aparencia e absoluta vocación... E todo isto, ¿a cambio de que? A cambio, uns excelentes contratos cos que o traballador pode combinar os estudos ou outras tarefas nunhas condicións laborais óptimas; a cambio, contratos cos que os dous volves estar na rúa, sen cartos para pagar o aluguer da casa e mesmo para menter aos teus. ¿Ata onde vai chegar isto? ¿Acabaremos vivindo as vinte catro horas do día para o traballo? ¿Ou cada tres meses verémonos obrigados a buscar outro emprego no que traballemos máis de oito horas diarias cobrando o salario mínimo? A mocidade actual encóntrase cun grande problema á hora de incorporarse ao mundo laboral. Táchannos de lacazáns, maleducados e incluso incompetentes, pero a realidade non é tal. Hoxe en día, a xuventude está moi condicionada pola competencia laboral. Nos nosos tempos, calquera de nós ten uns estudos mínimos e pode acceder gratuitamente á Universidade, algo do que as empresas saben tirar todo o proveito, pois xa non reparan nun acordo cos empregados xa que dispoñen no mercado de centos deles.


Isto provoca unha situación de inseguridade e de continua tensión no traballador, polo que calquera mozo/a procurará estudar o máis posible vivindo entrementes dos seus pais. Espero que esta situación troque canto antes para que os mozos poidamos ter unha oportunidade á hora de dar este paso tan decisivo para as nosas vidas que é o paso á vida laboral.

Silvia Fidalgo Domínguez.

Testemuño extraído dun xornal

Escríbeme unha lectora e cóntame, con datos concretos, unha pequena historia de terror. Unha rapaza con diploma universitario e inglés entra a traballar como encargada nunha tenda madrileña dunha destas cadeas. Digamos XY. Ten un soldo de 1.000 euros ao mes e fai xornadas de 15 e 16 horas diarias, con semanas enteiras sen librar porque o local abre os domingos. Asinou un contrato por 40 horas semanais, pero fai 80 ou 90, dende logo non retribuídas. Daquela a nosa amiga recibe unha oferta de traballo doutra cadea de roupa xuvenil, digamos XP. Ela explícalles que non quere máis diñeiro, senón que lle respecten o horario. Por suposto, dinlle. A rapaza despídese de XY e empeza na outra tenda. O primeiro día sae ás 12.30 da noite. E ao día seguinte, ás 3.30 da madrugada. Tras varias xornadas semellantes, chamada desesperada á Dirección. Si, dinlle; asinaches 40 horas, pero non se van cumprir. A este descomunal descaro, a este despotismo colosal chegamos na democracia, tras doscentos anos de loitas sindicais. Inmenso logro o noso.

Segundo a Axencia para a Calidade do Sistema Universitario de Galicia (Acsuc) existe unha taxa de paro do 34,28% entre os diplomados e licenciados no Sistema Universitario Galego.



Traballar doce horas, cobrar 500 euros, ter un contrato no que non figuran estas condicións. O peor de todo: a impotencia por non poder facer nada ou, no caso de facelo, carecer da esperanza de conseguir un mínimo de xustiza fronte á explotación ilegal que temos que aturar na actual sociedade.

Aínda así, a xente segue aceptando estes contratos vasura. Moitas veces, nesta aceptación, inflúen facotres como a ignorancia ou a simple necesidade de comer.

A solución non está en aceptar tales condicións ilegais, aínda que para algunhas persoas non é cuestión de elixir, senón da necesidade dos cartos.. ¿É que non hai solución ningunha para esta inxustiza? ¿Onde os dereitos humanos? ¿Que hai dos sindicatos? Por desgraza, os xefes desta mafia saen airosos desta situación sempre.

Andrea Valero Araújo.



O asunto do emprego xuvenil, á parte de ser moi complicado, é moi inxusto. As empresas non queren contratar a persoal sen experiencia, así que os mozos non a teñen pois non se lles dá a oportunidade de traballar. Todo isto forma parte dun círculo vicioso ao que aínda non se lle achou solución.

Así, en Francia, por exemplo, está a producirse un grande conflito xa que as empresas contratan a xente nova, pero tamén os poden botar do seu traballo sen explicacións. E se queren, ao día seguinte. Isto provocou unha revolta entre aqueles que queren entrar por primeira vez no mundo laboral. Desexan un emprego fixo e os mesmos dereitos que unha persoa con maior experiencia no seu emprego.

Se os mozos somos o futuro, ¿por que non temos a oportunidade de comezar a nosa vida laboral en boas condicións? Deste xeito non viviríamos a etapa de iniciación no emprego coma un período de explotación e de agobios. Viviríamola xustamente.

Sol Portela.

A maior parte dos contratos dos mozos menores de 29 anos son eventuais, cun 59,8% do total. Esta taxa estase a agrandar cada vez máis, xa que no mes de febreiro o 90% dos contratos asinados foron temporais. Tan só o 11% dos contratos son fixos. Como media, cada mozo menor de 29 anos asinou 2,7 contratos durante 2005.

No tocante aos salarios, en Galicia cóbrase como media un 12,1% menos que no resto do Estado, con 17.406 euros anuais: 19.256 no caso dos homes e 13.664 no tocante ás mulleres. Cando se fala dos mozos entre 20 e 29 anos, o salario medio baixa case nun terzo até situarse nos 12.675 euros: 13.664 no caso dos homes e 11.136 para as mulleres.

EMPREGO XUVENIL


Dende moi pequenos empezamos a recibir unha formación que resulta esencial para o desenvolvemento de calquera actividade laboral. O papel que xogará na obtención dun posto de traballo tamén ha acadar unha grande relevancia.

Os mozos adquiren cada vez máis coñecementos e maior experiencia para intentar incorporarse con máis facilidade ao complexo e difícil mundo laboral. Porén, todos estes esforzos resultan absolutamente inútiles. Estamos respondendo á necesidade de contar cun persoal máis cualificado, pero as condicións que nos atopamos á hora de traballar son cada vez máis precarias. Hoxe en día, o dito de "traballar para vivir" quedou obsoleto e as novas tendencias lévannos ao oposto, "vivir para traballar".

Nalgúns postos de traballo esíxesenos traballar até trece ou catorce horas a cambio de salarios ínfimos que chegan a ser irrisorios en certos casos. Pero claro, ou traballamos nestas condicións ou simplemente non traballamos. Ás empresas resúltalles ben fácil botarnos fóra porque xa virá outro. Supoño que debemos agradecer aínda por riba que os políticos do noso país non queiran complicarnos tanto a vida como noutros países veciños. Moitas grazas.

Dáse, por último, unha situación pouco favorable para comezar a andaina no mundo laboral, cousa que repercute de maneira moi directa no xeito de vida da mocidade. Actualmente a emancipación é unha utopía. ¡Estamos condenados a vivir cos nosos pais de por vida!

Marcelino Álvarez.



EMPREGO XUVENIL

Hoxe en día precisas duns estudos mínimos para calquera traballo. Algúns rematan o ensino básico para traballar e outros optan por estudar unha carreira ou un ciclo para ter unha maior saída laboral e, á hora da verdade, é canto te decatás de que tantos anos de esforzo non che axudaron nada.


Procuras un traballo relacionado con aquilo que estudaches e non o atopas en moitos casos; colles o que máis che interesou daqueles que che ofertaron e tes un traballo como aprendiz, un contrato de equis horas e, ao mellor, traballas o dobre. Ao que te contratou non lle pagaba a pena asegurarte por tantas horas, polo que no contrato non figuran todas as horas.

A moitas empresas interésalles formar os seus traballadores dende o inicio, pero non atopas ningún traballo no que teñas un posto fixo. Os primeiros meses son de "proba", tes uns contratos dun par de semanas, un mes, dous... e, durante ese tempo, poden despedirte sen case ningún problema. É máis, canto menos tempo esteas traballando, menos lles custa o teu despido. Alporizámonos ao ver o que acontece en Francia durante os dous primeiros anos de despido libre. Pero, ¿e en España? Contratos por pouco tempo nos que non constan as horas que verdadeiramente traballas, soldos baixos e, en ocasións, sen seguro. Contra iso non facemos nada e é o noso presente e o noso futuro que, de non cambialo, será o que nos agardará dentro duns anos. ¿É isto o que realmente nos interesa?

Sara Vicente Salcidos.

As taxas de precariedade no emprego duplican en Galiza as da UE, co 37%. No caso da mocidade, a cifra case duplica esta taxa, con case un 60%. Esta precariedade xa acada aos que cumpren 30 anos.

Tan só un 13,7% dos mozos menores de 30 anos viven emancipados, segundo datos do Ministerio de Vivenda. Este dato contrasta co que ocorría, p.ex., en 1984, cando o 64,1% dos mozos vivía dos seus propios recursos.



Carta ao director dun xornal

"*Mea culpa* dunha rapaza"

"Suponse que a razón, o logos, move as súas palabras, pero levo un tempo xa cansa dos

comentarios de xornalistas, filósofos, columnistas e persoas varias sobre a nosa xeración: que se somos conformistas, que se non temos valores, que si o único que nos interesa é o botellón, que se nos mobilizamos como en Francia é por interese e non por ideais...

"Pois ben, chegou un punto en que xa me cansei. Síntoo, nacín logo da crise do 73. *Mea culpa* pertencer á *xeración X*, na que estatisticamente máis vale ter estudos primarios e non estudar nada para atopar un emprego, na que a xente coma min, que nos licenciámos en Historia, só valemos para traballar como comercial de porta en porta, vender hamburguesas, traballar nun supermercado, mentres estamos a esperar que vostedes, os fillos do *baby boom*, se xubilen e nos deixen libre o posto de traballo, que, claro está, non conseguiremos pola inexistencia dun enchufe aínda que exista unha remota posibilidade; sacrificándonos estudando uns cantos anos máis, aprobando unhas oposicións/lotería...

Pero temos que ser idealistas, temos que crer que o *establishment*, o caciquismo, a endogamia, non poderán connosco.

"Síntoo, os da *xeración X* xa non cremos nun novo mundo... os agora aburguesados manifestantes do 68 e da transición demostrástesnos cómo acaban os idealistas".



OITO DE MARZO: DÍA DA MULLER TRABALLADORA



No mes de marzo, na clase de plástica, adicámonos a traballar en honra das mulleres traballadoras. Foi así como nos demos de conta de que no campo artístico son máis recoñecidas as mulleres cós homes. Estes traballos consistían en que os alumnos escollesen unha muller, como por exemplo Marie Spartally Sittilman, Yoko Ono, etc., e fíxese unha especie de cadro a partir dunha imaxe dela. Logo, había que procurar os seus datos biográficos e, deste xeito, aprenderíamos algo unhas mulleres que tiveron que loitar coa sociedade machista da época. Por último, elixíronse os mellores destes traballos e con eles fíxose unha exposición na entrada do instituto.

Ana Casal Mouriño e Catalina María Day.

Na aula de inglés fixemos unha serie de traballos sobre as mulleres da cultura anglosaxona. Documentámonos sobre catro delas:

- **Florence Nightingale** (1820-1910), que fundou a "Escola e fogar para doentes Nightingale", no Hospital St. Thomas de Londres.

- **Emmeline Pankhurst** (1858-1928), unha sufraxista que, xunto coa súa filla, loitou pola igualdade de sexos e, moi especialmente, polo dereito ao voto das mulleres.

- **Virginia Woolf** (1882-1941), novelista e feminista. Grande innovadora das técnicas da novela contemporánea.



- **Doris Lessing** (1919-), unhas das mellores escritoras do s.XX e candidata ao Premio Nóbel.

Ana Casal.

Co gallo do Día da Muller Traballadora, os alumnos do IES "Álvaro Cunqueiro" decidimos facerlles unha homenaxe a aquelas muller que, malia coas barreiras impostas por unha sociedade machista, loitaron por superalas e conseguir promover e mellorar os dereitos das mulleres.

Eliximos para o noso traballo na materia de historia á galega María Soliña, destacada por ser unha clara vítima da intolerancia e a misoxinia. Michelle Bachelet é a primeira muller presidenta de Chile, un magnífico exemplo de muller independente. Tamén fixemos unha breve pero intensa mención de Margareth Thatcher xa que, malia o seu característico estilo de gobernar duro e agresivo, loitou contra a ineficacia do sector público. A guatemalteca Rigoberta Menchú que recibiu o Premio Nobel da Paz, ao igual que María Teresa de Calcuta, quen foi elixida polos nosos compañeiros pola súa boa vontade e por tantas e tantas boas accións realizadas ao longo da súa dilatadísima vida. Por último, lembrámonos de Dolores Ibárruri, a Pasionaria, que grazas á súa decisión no ámbito político impulsou importantes movementos de masas co seu espírito revolucionario.

Sol Portela
Silvia Fidalgo
Daniela Martín



Co gallo do Día da Muller Traballadora, quixemos lembrar todas as mulleres que traballaron e traballan a prol das ciencias.

No vestíbulo do instituto podemos contemplar e ler dende hai semanas diversos móbiles coas biografías de mulleres que, na súa maioría, estiveron esquecidas ata o de agora coma Rosalyn Franklin. Algunhas delas recibiron premios Nóbel; é o caso de Marie Curie. Entre as mulleres adicadas á ciencia na actualidade destacamos entre outras a Margarita Salas.

Todas elas, aínda que non as coñezamos, grazas ás súas aportacións á ciencia e á técnica, están moi presentes nas nosas vidas, como por exemplo Mary Anderson, inventora do limpaparabrisas.

Olalla Frades Pedrosa.

LEI ORGÁNICA DE EDUCACIÓN (LOE)

ESO (12-16 ANOS)

- Redúce en 1º e 2º o número de materias
- Educación para a Cidadanía e os Dereitos Humanos.
- En 2º, proba de avaliación diagnóstico.
- En 3º, programas de diversificación curricular
- En 4º, haberá opcións formativas para a vida laboral
- Repetirase curso:
 - . Con tres ou máis materias suspensas
 - . Excepcionalmente os profesores deciden se os alumnos pasan de curso con tres suspensos.
- Repítese curso só dúas veces en cada etapa e nunca o mesmo curso, fóra de 4º.

CUALIFICACIÓN PROFESIONAL INICIAL.

A LOE crea esta nova alternativa á que tamén acceden os alumnos excepcionalmente aos 15 anos. Os perfil destes alumnos é diferente á de diversificación curricular. Trátase de rapaces absolutamente faltos de motivación polo estudo; é dicir, os que non amosan ningún interese por avanzar nos seus estudos.



CRÍTICAS DO PP E DAS ORGANIZACIÓNS DO ENSINO PRIVADO.

- Que a materia de Relixión non compute para pasar de curso.
- Que non haxa unha materia do Feito Relixioso para aqueles alumnos que non escollan Relixión.
- Que haxa unha materia de Educación para a Cidadanía porque esta "suplanta aos pais" no seu dereito a educar moralmente e "abre a porta ao adoutramento ideolóxico indesexable".
- Que se creen comisións que vivían que os pais poidan pedir praza directamente no centro que queiran. Propoñen que as admisións dependan de cada centro privado.
- Que desapareza a reválida ao final do bacharelato tal e como contemplaba a anterior lei (que non chegou a entrar en vigor).



BACHARELATO (16-18 ANOS)

- Tres modalidades:
 - . Artes
 - . Ciencia e tecnoloxía
 - . Humanidades e ciencias sociais.
- Nova materia: Ciencias para o Mundo Contemporáneo.

DIVERSIFICACIÓN CURRICULAR

Ata o de agora esta opción non se podía tomar deica os 16 anos. Coa LOE, a idade adiantase excepcionalmente aos 15. Esta alternativa consiste en que os rapaces se incorporan a clases máis reducidas, con contidos máis suaves, especialmente deseñados para eles. Un só profesor se encarga de dar todas as clases a estes alumnos, salvo para as materias científicas, que imparte outro.

DÚAS OPINIÓNS ENCONTRADAS

- "Tamén atenta contra a liberdade de ensino o artigo 87 da LOE, segundo o calos fillos dos emigrantes e os alumnos con necesidades educativas especiais serán asignados de maneira paritaria aos diversos colexios pola Administración. ¿Seica pretende o goberno obrígalos a cambiar de escola? Iso constituiría unha flagrante violación da liberdade dos pais para elixir escola. Por outra parte, tal medida baséase nun estereotipo falso: que nas escolas privadas non hai case alumnos de tales características e nas públicas, moitos".

(Da revista Magisterio)

- "¿Que pasaría se trunfa a actual LOE? Que se corraxirá un pouco, non moito, a deriva na quedos anteriores Gobernos do PP meteron á escola pública, a favor da privada. Fai falla que esta lei privilexie de verdade á escola pública, porque acolle a máis cidadáns e, nunha proporción alarmante, a cidadáns con maiores necesidades económicas, sociais e persoais. Repartir por igual sería radicalmente inxusto. O xusto é dar máis recursos aos que carecen de posibilidades".


(Dunha carta ao director de El País).

OUTRAS CRÍTICAS Á LOE

- Non trata con carácter prioritario aos centros públicos, que os que escolarizan á maioría do alumnado.
- O seu financiamento é insuficiente: en 2010, cando conclúa a implantación da lei, a porcentaxe do PIB do Estado adicado a educación será un 4,42%, moi inferior á cantidade de 1993 (4,9%) e á media da UE (5,2%).
- A xestión democrática dos centros está ausente dunha lei que afonda na xerarquización e a división entre o profesorado.
- Dilúense os controis dos concertos co ensino privado e dificultáanse as posibilidades para os rescindir.
- Non se resolve a situación de precariedade do profesorado interino.
- Non se adoptan medidas de mellora da calidade, como a diminución do número de alumnos por aula.

O GASTO POR ALUMNO

Segundo o Informe PISA (Programa Internacional de Avaliación de Estudantes) do ano 2003, entre os trinta países máis ricos do mundo, España figura entre os 10 que menos gastan en educación. O gasto total caeu catro décimas respecto do PIB de 1992.



MAL EN MATEMÁTICAS E LECTURA

Segundo o Informe PISA, existen en España un 23% de estudantes incapaces de acadar un nivel básico en matemáticas e un 21% en lectura.

VIOLENCIA NAS AULAS

Tres de cada 10 alumnos da ESO din que padeceron insultos por parte dos seus compañeiros, o 8,5% foi ameazado, e 4,1, agredido, segundo un informe do Defensor do Pobo de 2000 que analizou o acoso escolar. Segundo outros datos, entre 25% e o 35% dos alumnos involúcrase en actitudes e comportamentos intimidatorios, abuso de poder e exclusión. O Fiscal do Estado esixiu a inicios deste curso tolerancia cero para o acoso escolar. Por outra parte, o 64% dos profesores cree que habería que intervir máis duramente cos alumnos que causan problemas. O 87% dos docentes opina que a causa dos conflitos nos colexios é que "os alumnos están afeitos a que en casas lles deixen facer o que queren".

UN DE CADA CATRO ALUMNOS FRACASA.

Segundo o Ministerio de Educación, o 26% dos alumnos conclúen a ESO sen obter este título de graduado, o que se considera fracaso escolar. Dos alumnos que proseguen os estudos logo da etapa obrigatoria, abandona un 30%. Esta porcentaxe só mellora dentro da UE a Portugal e a Malta. España é o país que conta dentro da UE con menor proporción de persoas con estudos medios.

NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA

Vén de publicarse o estudo *A sociedade galega e o idioma (1992-2003)* que describe polo miúdo a evolución do uso do galego durante a última década. Os cadros extraídos deste estudo e que deseguido presentamos indican unha diminución do uso do galego, malia que o galego segue sendo a lingua máis utilizada en Galicia con moita diferenza respecto do castelán. É imposible non relacionar semellante diminución con determinadas actuacións políticas. O uso do catalán tamén diminuíu naquelas Comunidades Autónomas (Valencia e Baleares) en que goberna a dereita, mentres que simplemente se mantén ali onde gobernan outros partidos. Así pois, o retroceso do galego durante a última galega non é algo natural, senón produto dunha política que apostou claramente polo abandono do galego. A maioría dos funcionarios do ensino sumáronse alegremente a semellante política. O descarado incumprimento da lei vixente converteuse durante máis de quince anos na normalidade supostamente democrática.




Figura 1. MEDIA DE LINGUA HABITUAL 1992 - 2003

- Na figura 1 indica que o galego segue a ser a lingua habitual nunha media do 2,89 sobre 4 fronte ao 1,11 castelán.

- Na figura 2, que compara as porcentaxes de uso, compróbase que mentres o 44,4% dos galegos fala só galego, unicamente o 18,5% fala só castelán.




Figura 2 - PORCENTAXES SEGUNDO LINGUA HABITUAL 1992 / 2003

- A figura 3 amosa o emprego do galego aumenta coa idade, o cal demostra moi ás claras que o sistema de ensino en Galicia segue sen respectar a lingua materna dos alumnos, facendo caso omiso das sucesivas Leis de Normalización Lingüística e, en consecuencia, converténdose nunha fábrica do monolingües en castelán. Logo, unha vez liberados do sistema de ensino, os alumnos redescobren a realidade lingüística do país.

- A figura 23 mostra todo o devandito con maior detalle.

- A figura 15 do estudo indica, por último, que se mantén o dominio do castelán como lingua de aprendizaxe nos grandes núcleos de poboación.




Figura 3- MEDIA DE USO DO GALEGO NOS DIFERENTES TRAMOS DE IDADE SEGUNDO O 1992 E O 2003

Nace o Observatorio dos Dereitos Lingüísticos.

Formado por membros da xudicatura, da avogacía, sociolingüistas, docentes universitarios e profesionais do Dereito, "sensibilizados pola dramática situación que está atravesando a lingua galega e os atropelos e conculcación dos dereitos lingüísticos que sofren a cotío os seus falantes".

Os seus principais obxectivos son:

- Establecer unha oferta educativa en galego na educación infantil.
- Que o uso do galego en infantil non pode ser inferior ao 33% nos espazos en que a lingua predominante sexa o castelán.
- Que na primaria, ESO, bacharelatos e ciclos formativos, se garante que a docencia en galego nunca sexa inferior ao 50%.




Figura 23. Lingua das clases e lingua dos exames no total de Galicia (esquerda) e nos menores de 16 anos (dereita)

Declaracións de Henrique Monteagudo, director do estudo "A sociedade galega e o idioma (1992-2003)".

"Os datos continúan dicindo que o galego segue a ser a lingua maioritaria do país. Isto é unha vantaxe que non ten ningunha minoría lingüística en Europa

occidental, incluídos vascos e cataláns. É unha boa base pero cando empezamos a vela den detalle observamos que é porque a xente maior, do medio rural e relacionada co mundo agrario é galego falante, pero iso non é o futuro, é o pasado. Por tanto, temos unha situación reversible aínda que perigosa".

"Os datos do noso estudo demostran o fracaso da idea do bilingüismo harmónico porque durante a década 1992-2003 as tendencias orientanse cara á monlingüización.

Os galego-falantes son máis monolingües en galego e os castelán-falantes máis monolingües en castelán;

todo o contrario do que se decía pretender. Penso que a tendencia a uso máis monolingüe do galego é por unha maior conciencia do galante que cede menos ás presións contra o galego en determinados contextos".





Figura 15- ¿ EN QUE LINGUA APRENDEU A FALAR ? Resultados por habitat

A TORTURA NIN É ARTE, NIN CULTURA

(Sobre o maltrato de animais)

Coidar que somos os únicos seres que podemos sufrir e ser prexudicados pola conduta humana non é máis que un prexuízo da nosa especie. A capacidade de sufrir física e psiquicamente debe ser a base do respecto de ten que condicionar as nosas relacións cos demais, independentemente de cal sexa a especie á que pertencen. ¿De verdade pensades que cómpre torturar a un animal tan só para compracer certos caprichos dos humanos? Pois as cousas non son así. Os humanos non teñen dereito a inflixirle un sufrimento inútil aos animais. Poñamos un exemplo: antigamente non tiñamos medios para protexernos do frío; por iso cazabamos animais, para obter a pel e abrigarnos. Na actualidade hai moitos tecidos que igualan ou superan a calor proporcionada por unha pel (p.ex., o neopreno) polo que xa non é necesario matar para arrincarlle a pel a un animal. ¿Como te sentirías se vises un can pola rúa que enriba levase a pel dun bebé recién nacido? ¿Non che parecería unha animalada? Pois iso é o que fan os humanos. As narracións que veñen a continuación son veraces. Leas atentamente e reflexiona sobre o sufrimento que nelas hai.



COMERCIO DE PELES

Nun próspero mercado de peles en Jinan existen as granxas de gatos. Os gatos poden ser asasinados esganándoos ou pendurándoos dun cable mentres se verque auga polas súas gortexas cunha mangureira, ata que afogan. Daquela, esgázaselles a barriga. A pel ábrese e estícase sobre a cabeza do animal. Os que se encargan de levar a cabo todo este proceso din que os gatos adoitan estar aínda vivos cando xa se lles arrincou a pel. O único que aquí interesa é que a pel do gato saia no posible dunha soa peza.

Os investigadores que visitaron unha granxa de cans atoparon a estes animais atados con cables en cuartos onde había outros cans pendurados sen vida de ganchos. Estes cans eran metidos nos maleteiros de coches para ser transportados en viaxes de varias horas. En Harbin, unha cidade chinesa, un carnicero pode matar dez ou doce cans ao día. Un grande número de cans non acaba a súa vida en China, senón que son levados aos restaurantes coreanos na súa maioría. Os investigadores foron testemuñas de como nun deses restaurantes o can, que aínda movía confiadamente o rabo, era atado cun arame. Daquela, o can, moi asustado, facía por fuxir, pero o carnicero erguía a pata traseira e sacrificábao. O conxunto dos detalles resulta repulsivo para calquera ser minimamente sensible.

¿Gustaríache que o que acabamos de describir se lle fixese a un dos gatos ou dos cans aos que aloumiñas e cos que xogas na túa casa? O noso mercado está cheo de figuras feitas con peles de gatos e cans.

O raposo é un animal que vive en territorios de entre 20 e 50 kilómetros cadrados, pero nunha granxa tan só dispoñerá dunha gaiola metálica de menos dun metro cadrado. Nestas condicións, o animal non deixa de dar voltas sobre si mesmo e chega a morder no seu propio rabo ata chegar ao óso.

Existen tres técnicas para arrincarlles aos raposos a súa apreciada pel sen danala. Unha delas consiste en electrocutilos mediante un procedemento que preferimos non explicar en detalle para que a ninguén se lle remexan as tripas. Outro xeito de sacrificalos é dándolles cunha mazo na cabeza. Unha terceira posibilidade é sometelos á lenta agonía da exposición ao monóxido de carbono.

Para fabricar un só abrigo de linco, cómpren 17 peles; de leopardo, 6 peles; de ocelote, 15 peles; de lobo, 12 peles; de foca adulta, oito peles; e de chinchilla, ¡300 peles!

A TORTURA NON É ARTE

EXPERIMENTACIÓN CON ANIMAIS

Miles de animais morren cada día como consecuencias dos salvaxes experimentos en que son empregados nos laboratorios (incluídos os das universidades). Moitos outros fican mutilados e incapacitados para camiñar ou desenvolverse con normalidade. Son sacrificados coellos de indias, gatos, cans, monos (os monos que terminan nos laboratorios foron comprados clandestinamente e a súa venda está prohibida porque o 90% morren durante o transporte), ratos, cobaias, etc., que teñen que sufrir queimaduras de produtos abrasivos nos ollos, viseccións, tumores provocados, mutilacións, descargas eléctricas, etc., etc. Os experimentos que consisten en viseccións non son moi fiables porque cada especie reacciona dun xeito distinto.

Cada ano son retiradas do mercado máis de quinientas substancias malia pasar as probas da experimentación con animais. Así pois, estes animais, na súa maioría capturados e vendidos e comprados ilegalmente, son sacrificados de xeito inútil.

O 60% dos animais sacrificados serven para observar as súas reaccións con fins bélicas; un 30% son empregados para a produción de cosméticos. Tan só un 10% se usan con fins sanitarias.

Os modelos matemáticas, simulacións informáticas e outras ferramentas audiovisuais permiten investigar, estudar e recrear calquera teoría sen necesidade de masacrar seres vivos na procura dos beneficios duns hipotéticos resultados futuros.


OSTOUROS

As touradas consisten en torturar ata a morte animais durante un determinado tempo. O sistema nervioso dos animais está a transmitirles a dor: a pica destrózalles as cervicais, os tres pares de banderillas esgazan a súa pel en cada movemento; o estoque, unha espada de 80 cms. que adoita penetrar varias veces no corpo do animal destrózalle os pulmóns e afógao no seu propio sangue. Se logo de todo o anterior, aínda segue vivo procédese a rematalo cun puñal que lle secciona a médula espiñal e que, a miúdo, o deixa paralizado aínda que consciente, de forma que chega vivo á hora de esfolalo.

Porén, ¿sabes o que sucede antes dunha tourada?

Despúntanselle os cornos, báteselle nos riles, adminístranselles sulfatos na auga para provocarles diarreas que os debilitan, pégaselles nas patas para que perdan forza durante a lidia, úntanselles os ollos con vaselina de petróleo, etc, etc, etc.

¿Podes seguir pensando que os toureiros son moi valentes?



OUTROS XEITOS DE MALTRATAR

É o que ocorre nos circos e nos zoolóxicos, onde viven en pésimas condicións, mal coidados, con escasa comida, mala hixiene, etc. Lembremos o estrés a que están sometidas as pitas poñedoras, vivindo en reducidísimas gaiolas onde nin poden mover as ás, obrigadas a poñer ovos arreo durante toda a súa vida. Lembremos a caza de elefantes dos que se aproveitan os cairos, e a caza de tigres, leopardos, lincos... buscados pola súa pel, para a rodaxe de escenas perigosas en películas...

Logo de todo o anterior, agora, ao final deste artigo, pénsao dúas veces antes de comprar un abrigo de visón, de ir ao circo ou de abandonar a túa mascota. Soamente ti podes cambiar esta situación.

Natalia Rouco e Catalina Day.

PUBLICIDADE EN GALEGO

2^{as} REBAIXAS

Ordenador Packard Bell. iMedia 2306 + TFT 17"

salvo erro tipográfico ou ata fin de existencias. Taxas de reciclaxe incluídas no PVP.



AMD Sempron 3000+ • 1.024 MB DDR 400 MHz • HDD 160 GB 7.200 rpm • SATA • DVD-rw Dual dobre capa • lector DVD 16x • Windows XP Home Edition

Urxencias 24 horas

A partir d'agora isto é o que farás cando vaías ó dentista*



*Só en Clínicas... **Saudent**  ...co gas da risa




Regálese unha cociña polo Nadal

N.º 1 en Mobles de cociña de España, en tendas en exclusiva, con fábrica propia



ENTROIDO 2006





HERO-A VIZK PRO


© 2006

HERO-A VIZK PRO

IES Álvaro Cunqueiro maio 2006

Maio=2006

I.E.S. ÁLVARO CUNQUEIRO



I.E.S. Álvaro Cunqueiro  maio 2006